

PROTOCOLO BIBLIOTECA ESCOLAR “CARLOS LABRAÑA” DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

A aplicación deste protocolo estará sempre ligada as necesidades do centro e o que diten as autoridades sanitarias.

HORARIO LECTIVO E AFORO DA BIBLIOTECA.

A biblioteca, no presente curso permanecerá pechada nos recreos. O organización en grupos estables de convivencia que supón cambios importantes nos horarios e distribución de espazos nos recreos, fai inviable nun centro de 400 alumnos e alumnas abrir as súas portas neste momento.

En horario lectivo, a biblioteca permanecerá aberta a partir de outubro para todas as clases do centro que reserven no horario mensual un dos espazos nos que se divide a nosa biblioteca. Polas tardes permanecerá pechada ao igual que todo o centro, este curso non haberá actividades extraescolares.

O aforo permitido para este curso será de dous grupos clase ao mesmo tempo, pero en diferentes espazos dentro da mesma.

A biblioteca deberá ser ventilada antes e despois das sesións, e se a climatoloxía o permite, estará ventilada tamén durante o seu uso. Non se descarta facer obradoiros nos recreos pero cunhas normas específicas en consonancia con este protocolo.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E COLECTIVA

A nosa biblioteca ten dúas portas de acceso, polo que unha será para entradas e a outra para as saídas. Na entrada hai un posto con xel hidroalcohólico para desinfectar as mans de uso obrigatorio. Tamén haberá desinfectantes e panos desbotables para uso dos usuarios que deberán usar cando manipulen materiais compartidos, coma ordenadores, ipads, etc.

Ao igual que en todos os espazos haberá que manter a distancia de seguridade entre persoas de 1,50 metros e sempre coa máscara posta.

O préstamo de libro poderá levarse a cabo, deixando os libros devoltos nunha zona sinalizada, e non se poderán coller ata que pasen máis de 24 horas. Os libros que se collan pero non se leven para casa, tamén serán depositados na zona de libros devoltos.

Dende a biblioteca, xestionamos as bibliotecas de aula, con préstamo de caixas de libros. No presente curso incorporamos a hora de ler no centro despois do recreo (20 minutos), marcada nop horario escolar como unha sesión máis.

A radio escolar, que formará parte de moitos proxectos neste curso, poderá contar cun máximo de 4 alumnos/as e un mestre, separando as zonas dos micros por unha mámpara transparente.

A realización e contacontos, charlas,... farase en streaming, en colaboración có concello e a Biblioteca Municipal.

O espazo argalleiro non estará operativo no que se refire a materiais e xogos de pezas pequenas.

FORMACIÓN

A formación de usuarios para este curso non será presencial. Buscaremos outros medios para formar a alumnado e profesorado, que poderá ir dende a creación de videotitoriais ata envío de documentos, normas, presentacións, etc.

